



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA PRAZA DE FORMADOR/A DIXITAL (2023/E001/000003).

PRIMEIRO.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto desta convocatoria é a selección laboral temporal dunha (1) praza de formador/a dixital, para a prestación de servizos na aula informática do Centro Sociocomunitario de O Barqueiro.

En aplicación do Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado laboral, o contrato será de duración determinada por circunstancias da produción a media xornada, por un período de 6 meses dende o día 15 de marzo de 2023.

A xornada laboral será de 20 horas semanais, de 16.00 a 20,00 horas de luns a venres.

As retribucións serán as correspondentes ao salario mínimo interprofesional.

Funcións:

- Organización e impartición de cursos de informática para diferentes colectivos do Concello.
- Impartición de cursos de alfabetización dixital de adultos.
- Tarefas de soporte á veciñanza que o requira para a realización, entre outros, de trámites coa administración, obtención de certificados dixitais, configuración de apps....

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Os aspirantes terán que reunir, na data que remata o prazo sinalado para a presentación de solicitudes, as seguintes condicións:

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), ou estranxeiro con residencia legal en España.
- Ter cumpridos 18 anos de idade na data da convocatoria e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión do título académico oficial de Bacharelato ou Técnico en Formación Profesional.
- No caso de invocar un título equivalente ao esixido ou titulación obtida no estranxeiro, o aspirante deberá presentar o correspondente certificado de equivalencia expedido polo órgano estatal ou autonómico competente. Dita equivalencia deberá referirse, tanto no grado como na especialidade esixida.
- Non ter sido separado nin despedido, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, sin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o exercicio de funcións públicas por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desenvolvía no caso de persoal laboral.
- No caso de pertencer a outro Estado, non atoparse sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao servizo público.



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

TERCEIRA.- SOLICITUDES.

As solicitudes poderán presentarse ata o día 10 de marzo de 2023 ás 14,00 horas.

Para ser admitidos e tomar parte na convocatoria, os aspirantes deberán manifestar na solicitude que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na convocatoria.

Será necesario acreditar xunto coa solicitude:

- Fotocopia do DNI ou documento que acredite a nacionalidade.
- Fotocopia dos títulos esixidos.

As solicitudes poderán presentarse na sede electrónica do Concello sede.manon.es no apartado de convocatoria de persoal ou no rexistro do Concello en horario de 9,00 a 14,00 horas no modelo “Solicitude de Selección Persoal”

CUARTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde ditará resolución no prazo máximo de dous días hábiles aprobando a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. Esta resolución expoñerase na páxina web do Concello. Concederase un prazo de dous días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación para rectificacións, emendar erros e posibles reclamacións. A lista provisional de persoas admitidas e excluídas considerarase automaticamente elevada a definitiva se non se presentan reclamacións. Se houberse reclamacións, serán estimadas ou desestimadas, se procede, no prazo máximo de dous días, nunha nova resolución de aprobación definitiva, que se fará pública na páxina web do Concello.

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal cualificador estará constituído polos seguintes membros:

PRESIDENTE: María Natividad Rubido Martínez, traballadora social.

PRIMEIRA VOGAL: Isolina Díaz Huerta, animadora sociocultural.

SEGUNDA VOGAL E SECRETARIA: María Valiña Garrido, secretaria municipal.

SEXTA.- INICIO E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

O proceso selectivo consistirá na realización dunha proba escrita, na que o/a aspirante expoñerá o programa detallado de traballo que ten previsto realizar, de conformidade coas funcións establecidas no apartado primeiro das presentes bases.

A proba terá unha duración máxima de 60 minutos e rematado o tempo de duración procederase por cada un dos aspirantes, por orde alfabética dos apelidos, á lectura do texto escrito. A continuación o Tribunal poderá realizar as preguntas que considere en relación coa exposición da proba e as funcións e os coñecementos dos que dispón cada un dos aspirantes en relación coa praza que se convoca.

O exercicio cualificarase de 0 a 5 puntos.

SÉTIMA.- MÉRITOS

1.- Titulación académica:

- Por estar en posesión dun título superior ó esixido nas bases da convocatoria, valorándose unicamente o de maior puntuación.
- Por estar en posesión do título de grado superior, diplomatura ou equivalente: 1,5 puntos.
- Por estar en posesión do título de licenciado, doutor ou equivalente: 2 puntos.



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

Máximo: 2 puntos.

2.- Cursos de formación relacionados coas funcións a desempeñar. Máximo 3 puntos

- De máis de 200 horas: 0,50 puntos por curso.
- De entre 101 e 200 horas: 0,25 puntos por curso.
- De entre 61 e 100 horas: 0,20 puntos por curso.
- De entre 20 e 60 horas: 0,10 puntos por curso.
- Menos de 20 horas: 0,005 puntos por curso.

Únicamente se valorarán os cursos impartidos a través das Administracións Públicas e nos que se detalle o programa e a duración dos mesmos.

OITAVA.- RESULTADOS DA SELECCIÓN.

Rematado o proceso selectivo publicarase na páxina web do Concello www.manon.es a relación de puntuacións outorgadas e elevarase á Alcaldía proposta de contratación a favor do/a aspirante coa puntuación máis alta.

NOVENA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

A persoa seleccionada presentará no prazo de tres (3) días naturais contados dende o seguinte ao que se faga público o resultado da selección, a seguinte documentación:

- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das funcións correspondentes.
- Domiciliación bancaria para o ingreso da nómina.

DÉCIMA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Cumpridos os requisitos sinalados procederase a formalizar o correspondente contrato.

UNDÉCIMA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Esta selección rexerese polas prescricións contidas nesta convocatoria e para o non previsto polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP), pola Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, pola Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local e demais normativa de aplicación.

DUODÉCIMA.- IMPUGNACIÓN.

As presentes bases e os actos administrativos que se deriven das mesmas e das actuacións do Tribunal Cualificador poderán ser impugnadas conforme ao que establece a Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.